

VIEIROS

Edición xeral

XVII PREMIOS IRMANDADE DO LIBRO

Os libeiros premian a Luís Rei Núñez, Justo Beramendi e Xosé María Álvarez Cáccamo

Tamén foron galardoados a Librería Trama, o IES de Sanxenxo, o Pen Clube e Faro de Vigo.

Redacción - 19:00 12/04/2008

Este sábado falláronse en Sanxenxo os XVII Premios Irmandade do Libro, convocados pola Federación de Libeiros de Galicia. O xurado acordou premiar as seguintes entidade e persoas en cada modalidade:

-Libro do ano 2007: 'O Señor Lurgís e a Negra Sombra' de [Luis Rei Núñez](#) (publicado en Xerais)

-Obra Editorial 2007: ' De provincia a nación. Historia do galeguismo político', de [Justo Beramendi](#) (Xerais).

-Autor: [Xosé María Álvarez Cáccamo](#)

-Librería: Librería Trama de Lugo

-Medios de Comunicación e Novas Tecnoloxías: Suplementos culturais e pedagóxicos de Faro de Vigo.

-Centros de Ensino: [IES de Sanxenxo](#) (tamén houbo accésits para o CEIP Emilia Pardo Bazán, de Vigo; e para o IES Álvaro Cunqueiro da mesma cidade.

-Institucións: [PEN Clube de Galicia](#).

O xurado estivo composto por Xaime Carlos Corral (presidente da Federación de Libeiros de Galicia), Xurxo Patiño (Secretario da mesma entidade); María Xesús López Escudeiro (delegada da Consellaría de Cultura en Pontevedra); Inma López Silva (escritora e membro da Asociación de Críticos de Galicia); Luciano Rodríguez (profesor da UDC); Isabel Blanco (bibliotecaria); e Rafael Silva (libreiro).